

GUÍA DE LECTURA

EQUIPO DE BIBLIOTECA
CEIP DE RANDUFE




NADAL 2023

PRELECTOR



A araña moi ocupada. Eric Carle. Kalandraka.

Os animais da granxa queren xogar coa araña, pero ela está moi ocupada tecendo a súa tea.



Moita froita. Héctor Cajaraville. Xerais.

A profe Lola trouxo froita para a escola... Un libro de aprendizaxe temperá con vistosas fotografías e un texto simple e rimado para recoñecer as froitas e as súas cores e aprender como se denominan en galego, portugués, castelán e inglés.


MOITA FROITA
Héctor Cajaraville



**PRIMEIROS/-AS
LECTORES/-AS**


UNHA UNICORNIA

O Hematocrítico
Ilustracións de Alberto Vázquez



Unha unicornia. O Hematocrítico. Xerais
Estrela é unha unicornia á que lle encantan as nenas: todo no seu cuarto está decorado con imaxes de pequenas humanas. Cumprirá o seu soño de coñecer unha nena de verdade algunha vez?

Violeta ás agachadas. Ramón D. Veiga. Xerais. A Violeta nada lle gusta máis que xogar ás agachadas. Na casa sempre busca o mellor lugar onde esconderse. Un álbum ilustrado onde aprender e percorrer os meses do ano e as súas características.




Filippa & compañía. Enredo no Nadal. Juha Virta. Hércules. Catro amigos agardan a chegada do Nadal e quedan sen bombóns. Filippa sae buscar máis, pero acaba atopando a Papá Noel. Un conto sobre a amizade, Papá Noel e o que é realmente importante no Nadal.



A pequena Kuna. Mercedes Pacheco. Galaxia. Na comarca indíxena panameña de Kuna Yala hai unha illa na que a pequena Kuna vive coa súa familia en harmonía coa natureza. Cun texto que combina prosa e poesía, Mercedes Pacheco describe os costumes na illa e como a vida da pequena vai mudar coa chegada dun navegante.



LECTORES/-AS AUTÓNOMOS/-AS



Ánxela e Spencer. *Carlos Meixide.* Xerais. Na aldea onde vive Ánxela os muíños do parque eólico deixaron de xirar coma todos os días. Uns din que houbo un accidente, outros que unha avioneta se estrelou contra eles, e outros máis que o exército anda a facer pescudas pola contorna. Unha emocionantísima viaxe repleta de humor e trepidantes aventuras.

A miña amiga invisible. *Eduardo Santiago.* Xerais.

A familia de Uxía abandona a cidade para vivir nunha aldea. Descubre un mundo descoñecido onde nada é o que parece. O veciño máis próximo é un apicultor rabudo que, no canto de criar abellas, semella poñer trampas para apreixar fadas. A nova escola tampouco é como esperaba. Coa inesperada aparición dunha amiga invisible intentará superar todos os atrancos que a realidade teima en poñer no seu camiño.



Eu tamén fun pequena. *Concha Blanco.* Xerais.

Todas as noites, a avoa Concha cóntalles ás súas netas lembranzas da súa infancia que contrastan coa forma de vida actual: o mundo rural, a falta da tecnoloxía ou as escasas infraestruturas. A través dos recordos e das preguntas que fan as nenas abórdanse temas como o coñecemento e respecto polas tradicións, o esforzo, a valoración da lingua galega, a igualdade de xénero, o compañeirismo, a tolerancia, a paz, o coidado do medio ambiente.



Nerea. A invasión dos trastos. *Pablo Prado e Miguel Rojo.* Xerais. Nerea regresa cunha nova aventura chea de humor sobre os excesos no uso das novas tecnoloxías. Talvez é preciso botar unha ollada ao que está a acontecer ao redor porque a invasión dos trastos comezou.



A botella de lentellas. *Leticia Barbadillo.* Xerais. O martes de Entroido, Manuel bota en falta as orellas que lle preparaba a avoa e decide facer unhas poucas. Emprega a súa botella chea de lentellas para estiralas. Antes de deixarlle comer as orellas, a avoa sempre lle contaba as historias que esas orellas escoitaban. Agora el imaxina os relatos que escoitaban os doces que el mesmo preparou. A través deles aprende a asumir a ausencia da avoa.



LECTORES/-AS EXPERTOS/-AS

A señorita Bubble. Deus salve ás raíñas. *Leticia Costas.* Xerais. A señorita Bubble recibe unha carta de Isabel II e ten que viaxar de inmediato a Londres. A raíña está en problemas: hai unha invasión de ratas na cidade. Vai ter que desprezar todo o seu enxeño para solucionar o problema.



LECTORES ADULTOS



Últimos días en Berlín. *Paloma Sánchez.* Planeta. Yuri non podía imaxinar o moito que cambiaría a súa vida en Berlín. Chegara alí uns meses atrás, despois de fuxir, xunto coa súa familia, de San Petersburgo, asfixiados por unha revolución que os deixara sen nada.



Furia. *María Reimóndez.* Xerais. A historia dunha moza que se enfrenta á perda e á dor; unha reflexión sobre os afectos e o valor; un canto de amor ao boxeo e á importancia de ter sempre alguén que guíe á hora de evitar os golpes eludibles da vida e acompañe para encaixar os inevitables. Cando semella que nada podería empeorar máis, atópase co boxeo, onde atopa a confianza nas propias forzas.

PARA ESCOITAR

Caderno de cores e cancións. *Magín Blanco.* Galaxia.

Os meses do ano, os instrumentos, as cores e os sentimentos danse cita nestas cancións. Con códigos QR para escanear.




A Ramona pequena vai á Lúa. *Pakolas.* Galaxia. Dez temas e un conto que narra a viaxe de Ramona dende os seus pensamentos ata a Lúa, onde tivo a oportunidade de descubrir que alí non se dan as patacas. Unha nova aventura rockeira con moitas voces infantís. Con código QR para escoitar as cancións.



Inventos. *Jordi Font Barris.* Xerais. Os romanos tiñan neveiras? Dende cando hai billas? Preguntas enxeñosas e respostas rápidas para aprender moitos detalles e curiosidades sobre os inventos. Un libro para espertar a curiosidade de rapazas e rapaces e a súa gana de saber aínda máis.

OUTROS

El emocionómetro del inspector Drilo. *Susanna Isern.* NubeOcho. Dez emocións, dez ideas para axudarnos a entendelas. E por suposto o noso detective favorito: O inspector Drilo. El axudaranos a utilizar o trebello que nós mesmos poderemos fabricar para facer xirar a roda das emocións. E saber que sentimos.



O libro grande dos números pequenos. *Berta Davila.* Xerais.

Un divertido libro dos primeiros lectores, para contar do un ao vinte, cheo de cor e sorpresas. Divertidas rimas de números, do dereito e do revés. Porque contar e cantar todo é comezar.